ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013771	Fontecarmoa	Vilagarcía de Arousa	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CD3AFD000200	Acondicionamento físico	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1708	Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo	2024/2025	1	30	30

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA CONCEPCIÓN PÉREZ ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRICULO DO CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR CORRESPONDENTE AO TÍTULO DE TSAF. BORRADOR. INICIO TRAMITACIÒN: 29/05/2018. PENDENTE DE APROBACIÓN

O DECRETO PENDENTE DE APROBACIÓN TEN POR OBXECTO ESTABLECER O CURRICULO DE APLICACIÓN A NOSA COMUNIDADE ESTABLECIDO POLO REAL DECRETO 651/2017

ACTUALMENTE REXIDO POR:

ORDEN EFP/ 923/2019 DO 4 SETEMBRO pola que se establece o curriculo do ciclo formativo de grado superior correspondente ao título de TSAF
REAL DECRETO 651/2017 DO 23 XUÑO polo que se establece o titulo de TSAF e se fixan aspectos basicos do curriculo
REAL DECRETO 1147/2011 DO 29 XULLO onde se establece a ordenación xeral da FP e definindo no seu artigo 9 a estructura dos titulos de FP e dos cursos de especialización , tomando como referente o catalogo Nacional de Cualificacións Profesionais
RESOLUCIÓN DO 7 DE XULLO 2023 DA DIRECCIÓN XERAL DE FP pola que se dictan instrucions para o desenvolvemento das ensinanza de FP do sistema eductivo curso 23/24
RD 500/2024 onde se modifican determinados reais decretos polo que se establecen titulos de FP de grao superior

A competencia xeral do título de técnico superior en Acondicionamento Físico consiste en elaborar, coordinar, desenvolver e avaliar programas de acondicionamento físico para todos os tipos de persoas usuarias e en diferentes espazos de práctica, dinamizando as actividades e orientándoas cara á mellora da calidade de vida e a saúde, garantindo a seguridade e aplicando criterios de calidade, tanto no proceso como nos resultados do servizo.

As persoas que obteñen o título de Técnico Superior en Acondicionamento Físico exercen a súa actividade tanto no ámbito público (xa sexa na Administración xeral do Estado ou nas administracións autonómica ou local) como en entidades de carácter privado, en ximnasios, empresas de servizos deportivos, padroados deportivos ou entidades deportivas municipais, clubs ou asociacións deportivas ou de carácter social, empresas turísticas (hoteis, cámpings e balnearios, etc.), grandes empresas con servizos deportivos para os/as empregados/as, centros xeriátricos ou de carácter social, federacións deportivas ou organismos públicos de deportes (deputacións e direccións xerais de deporte, etc.).

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:
- Adestrador/a de acondicionamento físico nas salas de adestramento polivalente de ximnasios ou polideportivos, e en instalacións acuáticas.
- Adestrador/a de acondicionamento físico para grupos con soporte musical en ximnasios, instalacións acuáticas e polideportivos.
- Adestrador/a persoal.
- Instrutor/a grupos de hidrocinesia e coidado corporal.

- Promotor/a de actividades de acondicionamento físico.
- Animador/a de actividades de acondicionamento físico.
- Coordinador/a de actividades de acondicionamento físico e de hidrocinesia.
- Monitor/a de aeróbic, de step, de ciclo indoor, de fitness acuático e de actividades afíns.
- Instrutor/a das actividades de acondicionamento físico para colectivos especiais.

Tendo en conta que a concreción curricular son todas as decisións que van adaptándose á situación concreta dun centro educativo. Limitaremonos a seguir o deseño curricular base como primeiro nivel, concretaremos o segundo nivel co plan do centro, co seu proxecto curricular e por ultimo adaptaremos a concrecciòn curricular segundo as necesidades . interese e características dos alumnos/as de clase. Tendo isto presente, teremos que reflexar na programaciòn anual unha flexibilidade propia ás necesidades conforme a nosa sociedade cambie polo que este documento tentaremos, a medida que avance o curso, complementalo, revisándolo e mellorándoo ano a ano e mes a mes, reflexionando sobre o que funciona ou non segundo os seguintes obxectivos:

- comprobar que o alumno asimilou e é capaz de integrar, sintentizar e aplicalos coñecementos teórico-prácticos adquiridos perante o proceso formativo
- Desempeñar unha actividade profesional no campo propio do Acondicionamento Fìsico na no marco propio do Tecnico Superior en Acondicionamento Fìsico

O curriculo sera un medio mediante o cal se planifica o proceso de ensino-aprendizaxe nun prazo determinado e , dito curriculo será aberto, flexible e dinámico.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Do desenrolo sostible á sustentabilidade. Axenda 2030		6	22
2	Retos ambientais na Axenda 2030		6	17
3	Retos socias na Axenda 2030		6	17
4	Economia verde e circular		6	17
5	inversion responsabel para a empresa. Informes e certificacions		6	27

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Do desenrolo sostible á sustentabilidade. Axenda 2030	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza (ASG) relativos á sustentabilidade tendo en conta o concepto de desenvolvemento sustentable e os marcos internacionais que contribúen á súa consecución	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse o concepto de sustentabilidade, establecendo os marcos e os acordos internacionais asociados ao desenvolvemento sustentable
CA1.2 Identificáronse os piares ambientais, sociais e de gobernanza que inflúen no desenvolvemento sustentable das organizacións empresariais
CA1.3 Relacionáronse os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) coa súa importancia para a consecución da Axenda 2030
CA1.4 Analizouse a importancia de identificar os aspectos ASG máis relevantes para os grupos de interese das organizacións, relacionándoos cos riscos e coas oportunidades que supoñen para a propia organización
CA1.5 Identificáronse os principais estándares de métricas para a avaliación do desempeño en sustentabilidade, os seus indicadores e o seu papel, segundo a lexislación vixente e as futuras regulacións en desenvolvemento
CA1.6 Describiuse o investimento socialmente responsable (ISR) e o papel que desempeñen os analistas financeiros e investidores

4.1.e) Contidos

Contidos
Piares ambientais, sociais e de gobernanza transcendentes no desenvolvemento sustentable das organizacións. Principais estándares de medición da sustentabilidade. Indicadores. Lexislación vixente.

Contidos
Introdución ao concepto de sustentabilidade. Repercusión na economía globalizada.
Obxectivos do Desenvolvemento Sustentable. Relevancia para a consecución da Axenda 2030.
Marcos e acordos internacionais da sustentabilidade.
Definición de investimento socialmente responsable (ISR): criterios éticos, ambientais e sociais. Tipos de ISR.
Identificación dos aspectos sociais e de gobernanza (ASG) nas organizacións.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Retos ambientais na Axenda 2030	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Caracteriza os retos ambientais e sociais describindo os impactos sobre as persoas e os sectores produtivos, e propón accións para os minimizar	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identificáronse os principais retos ambientais e sociais
CA2.2 Relacionáronse os retos ambientais e sociais co desenvolvemento da actividade económica
CA2.3 Analizouse o efecto dos impactos ambientais e sociais sobre as persoas e os sectores produtivos
CA2.4 Identificáronse as medidas e as accións encamiñadas a minimizar os impactos ambientais e sociais
CA2.5 Analizouse a importancia de establecer alianzas e de traballar de maneira transversal e coordinada para abordar con éxito os retos ambientais e sociais, e lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable

4.2.e) Contidos

Contidos
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias sobre as persoas e os sectores produtivos
Medidas e métodos encamiñados a minimizar e/ou reducir os impactos ambientais e sociais.
Impactos ambientais, sociais e as súas consecuencias co desenvolvemento da actividade económica.
Principais retos ambientais e sociais: superpoboación, cambio climático, consumo de auga e materias primas, economía circular, deforestación, contaminación, enerxías renovables (hidróxeno verde, eólica, solar etc.), descarbonización etc.
Alianzas e sinerxías público-privadas para o logro dos ODS.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Retos socias na Axenda 2030	6

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Establece a aplicación de criterios de sustentabilidade na actividade profesional e na contorna persoal	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identificáronse os ODS máis relevantes para a actividade profesional que realizan
CA3.2 Analizáronse os impactos reais e potenciais relacionados cos ODS
CA3.3 Analizáronse as actitudes persoais na consecución dos ODS
CA3.4 Identificáronse as prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS

4.3.e) Contidos

Contidos
Contribución das actitudes persoais na consecución dos ODS.
Riscos, impactos reais e potenciais relacionados cos ODS.
Identificación dos aspectos de sustentabilidade e ODS máis salientables do sector produtivo correspondente.
Adopción de prácticas sustentables no ámbito profesional que contribúan ao cumprimento dos ODS.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Economia verde e circular	6

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Propón produtos e servizos responsables tendo en conta os principios da economía circular	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Determináronse os modelos de produción e consumo actual
CA4.2 Analizouse o ciclo de vida do produto
CA4.3 Identificáronse os principios da economía verde e circular
CA4.4 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción
CA4.5 Aplicáronse principios de ecodeseño
CA4.6 Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados

4.4.e) Contidos

Contidos
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Características principais dos modelos de produción e consumo actual en produtos e servizos.
Análise de sustentabilidade do ciclo de vida de produtos e servizos.
Produtos sustentables: ecodeseño.
Descrición dos principios e os beneficios da economía verde e circular, a biodiversidade e a actividade económica fronte ao modelo clásico de produción.
Identificación dos procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	inversion responsabel para a empresa. Informes e certificacions	6

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza actividades sustentables minimizando o impacto destas no ambiente	SI
RA6 - Analiza un plan de sustentabilidade dunha empresa do sector, identificando os seus grupos de interese e os aspectos ASG materiais, e xustifica accións para a súa xestión e a súa medición	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Caracterizouse o modelo de produción e consumo actual
CA5.2 Identificáronse os principios da economía verde e circular
CA5.3 Contrastáronse os beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción

Criterios de avaliación
CA5.4 Avaliouse o impacto das actividades persoais e profesionais
CA5.5 Aplicáronse principios de ecodeseño
CA5.6 Aplicáronse estratexias sustentables
CA5.7 Analizouse o ciclo de vida do produto
CA5.8 Identificáronse os procesos de produción e os criterios de sustentabilidade aplicados
CA5.9 Aplicouse a normativa ambiental
CA6.1 Identificáronse os principais grupos de interese da empresa
CA6.2 Analizáronse os aspectos ASG materiais, as expectativas dos grupos de interese e a importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais
CA6.3 Definíronse accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados
CA6.4 Determináronse as métricas de avaliación do desempeño da empresa de acordo cos estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados
CA6.5 Elaborouse un informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos

4.5.e) Contidos

Contidos
Aplicación dos principios da economía verde e circular.
Apreciación do impacto das actividades persoais e profesionais.
Materialización dos principios de ecodeseño nas actividades ou nos produtos sustentables.
Modelos de produción e consumo actual en diferentes actividades ou produtos sustentables.
Análise das fases do ciclo de vida do produto.
Valoración dos beneficios da economía verde e circular fronte ao modelo clásico de produción.

Contidos
Aplicación de estratexias sustentables.
Cumprimento de normativa ambiental.
Criterios de sustentabilidade aplicados nos procesos de produción.
Elaboración dun informe de sustentabilidade co plan e os indicadores propostos.
Análise de todos os aspectos ambientais, sociais e de gobernanza, das expectativas dos grupos de interese e da importancia dos aspectos ASG en relación cos obxectivos empresariais.
Identificación dos principais grupos de interese da empresa.
Establecemento das métricas de avaliación acerca do desempeño da empresa tendo en conta os estándares de sustentabilidade máis amplamente utilizados.
Accións encamiñadas a minimizar os impactos negativos e a aproveitar as oportunidades que presentan os principais aspectos ASG identificados.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

UNIDADES DIDACTICAS:
UD 1, UD 2 PRIMEIRO TRIMESTRE
UD 3, UD 4: SEGUNDO TRIMESTRE
UD 5: TERCER TRIMESTRE

CRITERIOS CUALIFICACIÓN:

PARTE TEÓRICA: 30% Cualificación dos contidos teóricos: determinada por unha nota comprendida entre o e 10 . No caso de que se faga mais dun exame trimestral, a nota será a media das obtidas en todos os exames realizados

PARTE PRACTICA : 70% .A cualificaciòn da parte practica se calculará pola media aritmética das notas obtidas en todos os exercicios prácticos propostos. A vía será a AULA VIRTUAL en tempo e hora , segundo o marcado nas tarefas,

CRITERIOS CUALIFICACIÓN PORCENTAXE DE CUALIFICACIÓN
CONTIDOS TEÓRICOS..... 30%

ACTIVIDADES E EXERCICIOS PRÁCTICOS NA AV..... 70%

A nota global do modulo na convocatoria final será a media aritmética das tres avaliacións.

Outras consideracións a ter en conta:
a) Mala fé: Sancionarase coa cualificación de 0 cando se comprobe que o alumno/a non actuou de boa fe ao realizar as probas porque copiara ou realizara condutas similares. A superación dos controis, exames, tarefas e traballos deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, apuntamentos, etc. (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un cero na cualificación do mesmo, sen dereito a repetición, o que suporá unha nota de suspenso nas unidades que compoñan esa avaliación. O mesmo criterio se aplicará para a entrega de traballos e actividades. A profesora tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible.

Recuperación do trimestre:

Terán unha proba de recuperación ao finalizar o trimestre..

Nota: Dado que neste curso temos un alumno declarado deportista galego de alto nivel , e, polo tanto ten xustificadas as faltas, e lle coincide as clases cos adestramentos, se optará por abrir a aula virtual do mesmo dia no que se envien as tarefas ata as 23.59 dese mesmo día para compatibilizar o seu caso co desenrolo normal das clases. Os exames os realizará ao mesmo tempo en hora e dia cos seus compañeiros

MINIMOS EXIXIBLES:
1. Colaborar na consecuciòn dos ODS, como parte da Axenda 2030, respondendo ás necesidades do alumnado e de toda a comunidade educativa e garantindo unha educación equitativa, inclusiva e de calidade
2. Fomentar unha educación inclusiva, potenciando a igualdade de oportunidades no acceso, a presencia e a participación de todo o alumnado en contextos comúns e facilitando a aprendizaxe ao longo de toda a vida
3. Crear un programa ou proxecto colaborativo cuxo obxxectivo sexa " axudar la consecuciòn dun futuro mellor e mais sostible para todos"

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Recuperaciòn das probas teóricas e teórico-prácticas . O alumno realizará probas similarres as realizadas perante todo o curso aplicando as ponderacións fixadas nas distintas partes da cualificación

PARTE TEÓRICA : Exame cun valor do 30% con preguntas curtas e medias
PARTE PRÁCTICA : 70% Desenrolo dos traballos prácticos fixados na AV

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

"Tal e como figura na resolución do 7 de xullo de 2032, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucción para desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo no curso 2022/2023 no seu artigo cuarto e conforme se detrmina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou da alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido nas correspondendes normas de organización, funcionamento e convivencia. O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua nun determinado módulo terá dereito a unha única proba final extraordinaria previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011. Esta proba estará composta polas seguintes partes:
Primeira parte. Teórica: Suporá un 30% da nota.
Segunda parte. Práctica: Suporá un 70% da nota.
Criterios de cualificación. Os mesmos que se se non procedese á perda.
En todo caso, a perda ao dereito a avaliación continua non implicará a perda de dereito de asistencia a clases, de titorización ou de asistencia ás probas parciais"

A proba de avaliación extraordinaria en Xuño, consistirá nunha proba teórica e determinadas tarefas na AV

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Farase conxunta co alumnado con enquisas sobre a labor docente, o grao de consecución dos obxectivos, o grao de satisfacción co mòdulo
Xeralmente, neste tipo de enquisas sempre boto man da orientadora do Departamento de Orientación e da sùa orientadora LAURA sendo ela mesma quen propón as enquisas e , en moitos casos, quen as pasa, para nos axudar á mellora da calidade educativo do noso ciclo.

Hai medidas determinadas dende o contorno CALIDADE EDUCATIVA facendose o seguimento da programación na propia aplicación da páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación

Profesional.
Ademais, os elementos a ter en conta para a avaliación da programación son:
- Grao de adecuación dos resultados de aprendizaxe.
- A validez da selección, distribución e secuenciación dos contidos ao longo do curso.
- Idoneidade da metodoloxía e dos materiais didácticos empregados.
- Adecuación dos criterios de avaliación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Farase unha avaliación inicial do alumnado cuxos obxectivos serán:
1. Coñecer as características , capacidades e formación previa dos alumnos/as de cara ao Acondicionamento Fìsico en xeral
2. Orientar e situar ao alumnado en relación aos diferentes módulos e as expectativas
3. Dentro das medidas de atención á diversidade respecto ao curso presente consistirán nun desenvolvemento das titorías individuais telemáticas e a utilización individual da aula virtual

Realizarase a principio de curso e terá como obxectivo final avaliar cal é o estado de coñecementos e habilidades individuais do alumnado e identificar posibles dificultades de aprendizaxe e problemas de comportamento. Para isto tamén se realizarán un test de intelixencias múltiples. O equipo docente, pode adoptar decisións comúns cando así o requira a dinámica do grupo de alumnos.
Nos primeiros días entregarase un cuestionario a cada alumno/a do grupo para avaliar os coñecementos previos de aqueles contidos que son básicos para poder asimilar sen dificultades os contidos do módulo e para diagnosticar o grao de coñecemento dos mesmos. Tamén de forma complementaria, a profesora poderá preguntar ao alumnado sobre determinados aspectos do currículo para determinar o grao de coñecemento dos mesmos. En caso de detectar algunha deficiencia, se lles enviarán actividades de reforzo cuxo contido variará en función das deficiencias atopadas.
Farase en conxunto coa orientadora do centro

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

1. No caso de alumnos/as con necesidades educativas especiais teremos en conta varios aspectos entre os que atopamos unha adaptación das condicións de accesibilidade ao centro, unha adaptación dos recursos de apoio unha flexibilización para cursar dito módulo segundo as distintas circunstancias: enfermidade, lesións...ou incluso segundo a instalaciòn acuática onde teremos que dar as clases (pechado por algunha razón, escape cloro...)
Podería darse o caso de ter que pedir permiso para impartir as clases nas diferentes praias da zoa

2. No caso de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe se levarán a cabo actividades de reforzo individualizadas presenciais e via virtual pola aula. Tentarase, na medida do posible de favorecer unha

aprendizaxe baseado na práctica, experiencia, investigación, proxectos... a partir dos propios intereses do alumnado empregando os diferentes recursos TIC

Dende os primeiros momentos teremos en conta as distintas medidas de reforzo que nos presenta a orientadora do centro dado que é ela quen de obter os millores resultados dos nosos alumnos con necesidades especiais xa que os informes serán entregados a ela polas persoas competentes (propios alumnos, pais...) Será a orientadora quen dictamine o que nos corresponde facer como profesores.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Considerando que un dos pìares spbre os que se asienta o actual modelo de ensino é a formación integral da persoa, será necesasrio que os contidos transversais estean presentes en cada un dos módulos do noso título xa que se trata de grandes temas que engloba multitud de contidos dificiles de axustar a un módulo concreto

Como exemplo sinalar os seguintes:
- Educación para a saúde. Foco na prevenciòn de riscos laborais en todas as actividades e se promoverán hábitos de vida saudable entre o alumnado.
- Educación para a igualdade entre homes e mulleres. Fomentaremos o respeto, cooperación e ben comùn eludindo estereotipos de xénero
- Educación ética. Responsabilidade nos propios actos , respeto, honestidade, flexibilidade e tolerancia na nosa comunidade educativa
- Novas tecnoloxías. No traballo do alumnado e no contexto curricular do mòdulo
- Educación Ambiental. Ao longo de todas as actividades que se fagan no curso
- Fomento da lectura. Fomento de textos vinculados ao módulo
- Expresión oral. Poñer en práctica competencias lingüisticas

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Prantexada algunha visita a algunha empresa do noso sector de Actividades Fìsicas Será recollido o proxecto pola Vicedirecciòn do centro para , posteriormente, ser aprobada no Consello SOCIAL

Recolleremos dese xeito nas plantillas da Direcciòn e de Educalidade (protocolarizadas)os obxectivos, temporalización, actividade, necesidades especiais (bus...), necesidade ou non de pernocta....
Entregarase en tempo e hora segundo todas as actividades recollidas do centro

10.Outros apartados

10.1) A

A aula virtual tamén será unha ferramenta de axuda ao alumnado con actividades de reforzo cando fose necesario; de comunicación permanente entre alumnado e a profesora, de resolución de dúbidas a través dos foros; de espertar o espírito crítico e a autonomía do alumnado con tarefas autodidácticas; de afianzamento da aplicación das TICs ao proceso de aprendizaxe e a vida cotiá.
En todo momento o que se priorizará no desenvolvemento do módulo e na aplicación desta metodoloxía será as necesidades do alumnado durante o proceso de aprendizaxe, por esta razón o profesor realizará as modificacións que considere oportunas sempre en beneficio do alumnado.
Se por circunstancias sobrevidas non se aconsellase a ensinanza presencial,(illamento do alumnado, situacións pandémicas. COVID..), O proceso ensino aprendizaxe trasladarase a formación na rede mediante a aula virtual, e-mail e vídeo-conferencias mediante rede, tendo en conta a diversidade doValumnado e a implicación do uso persoal de ordenadores .
Por exemplo, como se fixo en caso de pandemia covid:

SEGUIRASE INSTRUCCIÓNS DA CONSELLERIA SEGUNDO OS PROTOCOLOS DE MEDIDAS PREVENTIVAS: MEDIDAS QUE TEMOS QUE TOMAR E DAR RESPOSTA AOS CASOS E PROBLEMÁTICAS XURDIDAS NA XESTIÒN DE CASOS POSITIVOS... CARA OFRECER A MAXIMA SEGURIDADE Á COMUNIDADE EDUCATIVA COMPAXINANDO A SITUACIÒN SANITARIA ACTUAL CO PROCESO DE APRENDIZAXE

SEGUNDO AS REFERENCIAS ANTERIORES PODERÍASE IMPARTIR A DOCENCIA , NO MESMO HORARIO DE SESIÒNS ACTUAIS PERO CAMBIARÍAN OS PESOS NA PROGRAMACIÒN PASANDO A SER :
50% PARTE PRACTICA. TRABALLOS
50% EXAME TEÓRICO